

VºBº:



TEXTO:

Para debido coñecemento e difusión de tódolos interesados, envíase información referente a:

CÓDIGO DE COMPORTAMENTO IJF PARA ADESTRADORES

Recórdase a todos os adestradores que o código de comportamento FIJ está vixente e será de aplicación por parte dos árbitros para todos os campionatos que se celebren de Galicia:

Primeiro aviso: Será unha simple advertencia e o adestrador poderá seguir realizando a súa función desde a cadeira.

Segundo aviso: O adestrador deberá abandonar a cadeira e non poderá dirixir ao seu deportista desde a grada nese combate.

- En caso de dirixir ao seu deportista desde a grada non poderá seguir realizando a súa función o resto da competición nin na seguinte á que se inscriba.
- En caso de ser expulsado dúas veces durante a mesma competición non poderá seguir realizando a súa función o resto da competición nin na seguinte á que se inscriba.
- O adestrador expulsado non poderá dirixir desde a grada nin desde ningún sitio do pavillón en caso contrario suspenderáselle como nos casos anteriores.

Rógase a tódolos adestradores o teñan presente na próxima edición da Fase Final do Campionato de Galicia Infantil e Cadete a celebrar en Marín.

O Director Deportivo



Asdo. José Ramón López Gacio.